

PROXECTO DE TOPONIMIA NO SUROESTE OURENSÁN

Marta López Maclás

Filóloga. Técnico de Campo do Proxecto Toponimia de Galicia

A zona sobre a que eu estou traballando é o suroeste da provincia de Ourense, fundamentalmente a comarca da Terra de Celanova, aínda que tamén fixen algunha incursión nas comarcas da Limia e da Baixa Limia.

1. Toponimia e territorio

A comarca da Terra de Celanova é principalmente agrícola e nela predominan as pequenas explotacións de carácter familiar. A consecuencia principal que deriva deste tipo de explotación familiar é a da existencia dun minifundismo moi acusado que repercute na densidade toponímica ocasionando que sexa moi elevada.

En contraposición a este feito temos unha zona, que ocupa a parte nordeste da comarca, na que se efectuou a concentración parcelaria durante a década dos setenta e na que se perderon moitos dos topónimos anteriores á concentración.

| Concello | Superficie Km ² | Nº parroquia | Nº entidade | Nº entidades < 50 hab. |
|---------------------|----------------------------|--------------|-------------|------------------------|
| Celanova | 67,00 | 19 | 130 | 123 |
| Quintela de Leirado | 31,25 | 5 | 30 | 26 |
| Ramirás | 40,63 | 10 | 90 | 79 |
| Verea | 94,19 | 11 | 40 | 3 |

Neste territorio temos que diferenciar dous tipos fundamentais de terreo que condicionan en gran medida o tipo de informante necesario para cada ocasión:

a) Zonas con abundancia de asentamentos humanos

Destacan pola masiva utilización da terra tanto como para campos e terras de labor, como para o aproveitamento forestal. Trátase de lugares accesíbeis e

Marta López Macías

coñecidos pola maioría dos veciños, o que supón a vantaxe de poder entrevistar a xente nova, que pode interpretar a fotografía, o que acelera a recolleita da toponimia. Son zonas que presentan unha desvantaxe, como é a de ter que realizar un número elevadísimo de entrevistas para estudar pequenas extensións de terreo, por existiren moitas aldeas, aínda que moi próximas entre si.

Un bo exemplo deste tipo de territorio é o concello de Celanova, que con algo máis de sesenta e sete quilómetros cadrados, está conformado por un total de dezanove parroquias nas que se encontran máis de cento trinta entidades de poboación, onde se recolleron uns tres mil quifientos topónimos.

b) Zonas con pouca densidade de poboación

Adoitan corresponderse con lugares de montaña e son moito máis complicadas de estudar que as anteriores.

Caracterízanse pola existencia de grandes aldeas moi separadas entre si, podendo incluso conformar parroquia cada unha, rodeadas de importantes extensións de terras de labor e pasteiros, rodeados, á súa vez, por enormes extensións de monte na súa maioría en propiedade comunal.

Os terreos próximos aos núcleos seguen sen orixinar grandes dificultades; o problema vaise agudizando na medida en que nos afastamos das aldeas. Para estas zonas apartadas son moi escasos os veciños que nos poden achegar a información que procuramos. A maioría dos posibles informantes, nesta situación, son persoas de idade avanzada, que non sempre están dispostos ou capacitados para se achegar á zona e que rara vez son capaces de interpretar a fotografía aérea. A consecuencia principal que deriva desta situación é a incapacidade de realizar o traballo de recolleita se non se estudou *in situ*, previamente, o territorio. Aínda así, temos que nos enfrontar a outra dificultade máis como é a falta de accesibilidade do terreo, no momento do seu previo estudo.

Nestes casos o máis aconsellábel é a localización do enquisador e do(s) informante(s) no momento da entrevista nun punto determinado cunha boa visibilidade sobre a zona a estudar.

Trátase, en definitiva, de zonas que requiren moita dedicación e nas que se recollen moi poucos topónimos, sobre todo cando nos internamos nos comunais.

Como exemplo deste tipo de territorio temos a maior parte do concello de Verea, que cunha extensión de preto dos noventa e cinco quilómetros cadrados só conta con corenta entidades de poboación e nel recolléronse aproximadamente uns dous mil trescentos topónimos.

2. Aspectos específicos da enquisa

Os documentos que eu considero básicos e que utilizo sempre son:

- Os mapas topográficos a escala 1:25.000 do Instituto Geográfico Nacional.
- O nomenclátor da provincia de Ourense para a toponimia maior.

Á parte desta documentación teño utilizado de maneira concreta os mapas da concentración parcelaria naqueles lugares nos que se realizou, pero como non proporcionan moita información toponímica, utilízooos fundamentalmente como orientadores, non só para min senón tamén para os informantes.

Con respecto á selección dos informantes utilicei distintos sistemas. Nun primeiro momento, coincidindo coa recolleita no concello de Celanova, a busca dos informantes realiceina eu directamente, excepto nalgún caso concreto no que tiveron que botar man dalgún coñecido que actuara como intermediario entre eu e os posibles informantes. Segundo me fun afastando da miña zona este sistema non me resultaba válido e foi entón cando comecei a contactar cos concellos. Este foi o sistema utilizado por exemplo no concello de Vereá e facilitou moito a recolleita xa que se me indicou en moitas ocasións cal ou cales podían ser os mellores informantes de cada zona e incluso houbo veces nas que o concello funcionou como intermediario entre eu e os informantes. De tódolos xeitos a experiencia máis favorábel que tiveron neste sentido foi a que se levou a cabo para a recolleita da toponimia no Couto Mixto. Trátase dun caso totalmente diferente ao resto porque os contactos realizáronse en sentido inverso ao habitual, xa que foron os membros da *Asociación de Amigos do Couto Mixto* os que se interesaron polo proxecto, co cal foron eles mesmos os que se encargaron de buscar os informantes; é máis, moitos dos informantes eran membros da asociación.

A metodoloxía que eu utilizo para levar a cabo a recolleita de microtoponimia ocupa bastante tempo no estudo previo da zona para tomar referencias que me axuden a localizar os topónimos no momento da entrevista e para interpretar correctamente a fotografía aérea.

O primeiro paso que dou consiste en estudar o mapa topográfico da zona e comparalo coa fotografía. A vantaxe principal que aporta isto é o da axuda na orientación unha vez que se está no campo, pero tamén hai que destacar a necesidade da súa utilización para recoñecer algúns accidentes xeográficos sobre todo naquelas fotografías nas que non se aprecian elementos que sirvan como referencia para a localización dos topónimos, como por exemplo zonas de grandes extensións de monte baixo e nos que o único visíbel na foto é un contínuum unicolor, ou tamén para seguir os cursos dos ríos, xa que na foto resulta ser un traballo ás veces imposible, sobre todo cando nos encontramos en lugares de vexetación abundante.

O seguinte paso que levo a cabo é estudar o terreo persoalmente. O obxectivo fundamental deste estudo é a toma de referencias que me axuden a situar os topónimos no lugar que lle corresponde naquelas ocasións nas que os informantes non son capaces de interpretar a fotografía e se negan ou están incapacitados para acceder á zona.

Considero que son referentes indispensábeis os antigos camiños, as pistas forestais e de concentración parcelaria (naqueles lugares onde fora realizada), as liñas eléctricas, as devasas, os ríos e os regueiros. Son tamén de moita utilidade as construcións humanas, os penedos, algunha árbore singular, ou, en definitiva, calquera elemento concreto que chame a atención por algunha característica especial.

Marta López Macías

O terceiro paso lévase a cabo unha vez que temos o terreo o suficientemente estudado. Consiste na busca do(s) informante(s) máis indicado(s) entre todos os veciños do lugar.

3. Caracterización lingüística da zona

Centrándonos no aspecto lingüístico, vemos que non existen diferenzas entre a toponimia recollida e a fala dos habitantes das zonas estudadas.

Podemos distinguir dúas zonas principais diferenciadas pola pertenza a un bloque ou a outro: temos por un lado un territorio pertencente ao bloque occidental onde incluímos os concellos de Quintela de Leirado e Padrenda e a parroquia máis occidental de Verea (Bangueses) e por outro lado o resto da comarca, que pertence ao bloque central.

A característica lingüística máis destacábel da zona occidental é a formación do plural das palabras agudas rematadas en *-n* en *-ns*, mentres que no resto desaparece o *-n* final e engádesse *-s*.

A utilización da gheada é maioritaria, aínda que existe unha pequena zona (a metade sur do concello de Quintela de Leirado e Padrenda) na que non se emprega.

No sur do concello de Padrenda existe un sistema de seis sibilantes con oposición entre xordas e sonoras e este fenómeno vese reflectido na toponimia. Temos así, exemplos como *A Moruxa* ou *O Coto da Virxe* nos que a fricativa prepalatal é sonora, fronte a outros topónimos nos que a fricativa prepalatal é xorda como *A Seixa*.

Á parte destes trazos dialectais existen fenómenos propios da fala que tamén aparecen na toponimia como poden ser os casos de metátese de *r* (*Grabiel*), o rotacismo que aparece de maneira case sistemática na zona e os que afectan ao vocalismo átono provocando a súa vacilación, sobre todo en posición pretónica como *As Centieiras*, *A Curtiña*, *A Cudiseira*, *O Rigueiro*, *As Tuxeiras*, etc.

4. Xenéricos

A entrevista toponímica non só consiste na recolleita dos topónimos dunha zona e a súa realización fonética, senón que tamén presta moita atención á recolleita dos xenéricos ou corónimos (nomes comúns que designan a realidade á que o topónimo fai referencia) propios de cada zona, así como ao seu significado, xa que o mesmo xenérico en lugares distintos pódese referir a entidades xeográficas diferentes.

No meu caso podó sinalar o exemplo do nome xenérico *corga* que ten un significado distinto dependendo da zona na que aparece. En Celanova para que unha valgada sexa denominada *corga* é indispensábel que por ela discorra unha corrente natural de auga, xa que o xenérico *corga* non só fai referencia á valgada, senón tamén ao regueiro. Segundo avanzamos cara ao sur e nos internamos no concello de Verea, vemos como o significado vai cambiando e danse casos nos que non é necesario que unha valgada albergue o curso dun regueiro para ser denominada *corga*.

Existen nomes xenéricos que son exclusivos de zonas determinadas e totalmente descoñecidos noutras. Podo indicar un par de exemplos que recollín na comarca da Terra de Celanova:

- *Cerro* que se utiliza para designar grandes elevacións do terreo e pode funcionar como sinónimo de *monte*. Só aparece naquelas parroquias que rodean a Serra do Leboreiro. É a forma recollida na parroquia de San Pedro da Torre en Padrenda, nas parroquias de Xacebáns e Os Mociños no concello de Quintela de Leirado, na parroquia de Bangueses en Vereá e na da Fraga no concello de Lobeira.
- *Praza* que designa un conxunto de terras de labor que normalmente pertencen a varios propietarios. Como sinónimos de *praza* podemos apuntar *veiga* ou *agra*. Adoita haber unha por aldea e só a recollín no concello da Bola e nas parroquias máis orientais do concello de Vereá (Ourille, Sanguñedo e Pitelos).

Hai tamén unha serie de xenéricos que, aínda sendo coñecidos na maior parte do territorio, son máis usuais nunhas zonas ca noutras. Por exemplo, na comarca da Terra de Celanova o terreo no que se deixa medrar a herba para a utilización como pasteiros recibe maioritariamente o nome de *campo*. Pola contra, no sur da Limia para designar a mesma realidade a forma que máis se emprega é *prado*.

Se non temos en conta estas peculiaridades locais podemos incorrer en equívocos no momento da inclusión dos topónimos dentro dunha ou doutra determinada tipoloxía xeográfica.

Unha cousa que hai que ter en conta é a de que moitas veces o elemento xenérico dun topónimo non fai referencia á realidade que ese topónimo designa. Isto sucede fundamentalmente naqueles casos nos que terras dedicadas ao cultivo ou a pasteiros deixaron de ser utilizadas e actualmente teñen outros usos como pode ser o aproveitamento forestal ou simplemente a existencia nelas de monte baixo e, aínda así, conservan o elemento xenérico que as caracterizaba antigamente. Nestes casos consideramos que o xenérico está fosilizado e forma parte do topónimo.